

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### OLEIROS

##### Secretaría Xeral

*Convocatoria e bases específicas que regularán a concesión das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2013/14*

#### A N U N C I O

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local que tivo lugar en sesión extraordinaria o día 13 de xuño de 2013, acordouse efectuar a convocatoria para a concesión das prestacións de apoio á escolarización para o curso 2013/2014, cuxas bases reguladoras se insertan a continuación:

#### “CONVOCATORIA E BASES ESPECIFICAS DAS PRESTACIONS DE APOIO Á ESCOLARIZACION

##### \* CURSO 2013/2014 \*

##### Artigo 1.- Base reguladora e financiamento

a) A Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Consumo do Concello de Oleiros propuxo á Xunta de Goberno Local aprobar a convocatoria do procedemento para a solicitude das prestacións de apoio á escolarización, recollidas no “Regulamento de medidas contra a exclusión social do Concello de Oleiros” (publicado o seu texto íntegro no BOP da Coruña, núm. 115 do 21/06/2010)

b) O orzamento previsto para esta convocatoria do ano 2013 é de 6.000 € (seis mil) como límite máximo, con cargo á partida orzamentaria 70.231.48002.

##### Artigo 2.- Obxecto da convocatoria

O obxecto da convocatoria é a concesión das prestacións de apoio á escolarización, recollidas no artigo 2.d, como unha das axudas contempladas no “Regulamento de medidas contra a exclusión social do Concello de Oleiros”, e reguladas máis amplamente no título IV da dita norma.

O fin destas axudas económicas, non periódicas de pagamento único e de carácter finalista, é axudar ás familias máis desfavorecidas a cubrir os gastos extraordinarios que supón o inicio do curso escolar (material escolar, roupa e calzado, pagamentos extraordinarios relacionados coa escolarización, etc.)

O importe destas axudas será de 75 € (setenta e cinco euros) cada unha delas, ata esgotar o orzamento previsto. Inicialmente se asignarán as axudas aos menores entre 3 e 16 anos de idade. Se tras a asignación das axudas aínda quedara orzamento se terán en conta as solicitudes dos menores de 0 a 3 anos que cumpran os requisitos.

No suposto de que o número de solicitantes que cumpren os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria sinalada no artigo 1, serían rexeitadas as solicitudes correspondentes a familias que acaden unha renda máis elevada, ata o límite en que o crédito consignado sexa abondo para atender ás demais.

##### Artigo 3.- Requisitos

As solicitudes poderán ser realizadas polos representantes legais dos menores (pai, nai ou titor/a legal) dos menores de 0 a 16 anos que vaian estar escolarizados no curso 2013-2014, que non sexan repetidores que e deberán cumprir os seguintes requisitos:

Con carácter xeral, os requisitos recollidos no artigo 4 do “Regulamento de medidas contra a exclusión social”:

a) Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal de Habitantes do Concello de Oleiros, cunha antigüidade mínima de (04) catro meses, coas seguintes excepcións:

- As vítimas de violencia doméstica que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.
- As persoas emigrantes galegas que procedan doutro Concello e fixen a súa residencia neste. Asemade, aquelas persoas que, residindo noutros Concellos, volvan a fixar a súa residencia en Oleiros.
- Persoas en situacións de necesidade extrema sobrevida que, de maneira repentina e imprevista, se produza tras o empadramento no concello.

– Estranxeiros refuxiados ou con solicitude de asilo en trámite, así como aos que teñan autorizada a súa estancia por razóns humanitarias, sempre que en todos os casos cumpran o resto dos requisitos para solicitar esta axuda.

b) Acreditar a situación de necesidade e colaborar á hora de proporcionar a información e a documentación necesaria para poder valorala.

c) Non superar a suma de ingresos de todos os membros da unidade familiar o límite establecido para cada unha das axudas. Da suma de todos estes ingresos poderase descontar ata un máximo de 400 € (catrocentos euros) en concepto de gastos ocasionados polo aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual.

d) Non ter débedas coa Facenda Local de Oleiros.

e) Presentar a solicitude no modelo normalizado e na forma que se establece no presente regulamento.

Ademais se deberán cumprir os requisitos específicos recollidos no artigo 29 do dito regulamento:

– Os menores deberán estar escolarizados nun centro público ou concertado do Concello de Oleiros. Poderase eximir deste requisito cando se considere que está xustificada a escolarización nun centro de fóra do termo municipal por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

– Os menores deberán convivir cos seus pais, titores legais ou acolletores. Nos supostos de separación dos pais poderá solicitar esta prestación o proxenitor que teña a garda e custodia do/s menor/es e conviva efectivamente con el/es.

En todo caso, a renda per cápita familiar dispoñible, unha vez descontados os gastos máximos previstos en concepto de aluguer ou de hipoteca, non poderá superar o 30% do IPREM fixado para o ano 2013, isto é, non poderá superar os 159,75 € (cento cincuenta e nove euros con setenta e cinco céntimos).

#### Artigo 4.- Solicitudes

Poderase solicitar unha sola solicitude para varios menores da mesma unidade familiar.

As solicitudes dirixidas ao Alcalde-Presidente do Concello, deberán presentarse no Rexistro de Entrada do Concello de Oleiros no modelo normalizado que se facilitará tanto nos centros escolares como nas dependencias da Concellería de Servizos Sociais, Sanidade e Consumo do Concello de Oleiros, e que se inclúe como anexo 1 da presente convocatoria, por calquera dos medios sinalados no artigo 38 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A documentación que deberá acompañar a solicitude é a prevista no artigo 5 do “Regulamento de medidas contra a exclusión social”:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI), permiso de residencia ou pasaporte (no caso de non ter ningún dos dous primeiros) de todos os membros da unidade familiar.

b) Fotocopia do libro de familia ou documento análogo no suposto de non telo (acta ou partida de nacemento)

c) Xustificación da situación económica de todos os maiores de 18 anos da unidade familiar entre 01/01/13 e o 31/05/2013:

– Se está en situación de desemprego (fotocopia da tarxeta de demanda de emprego e certificado do Instituto Nacional de Emprego no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego). Se nese período estivo nalgún momento en activo deberá presentar as nóminas xustificativas dos ingresos percibidos pola súa actividade laboral.

– Se realiza algunha actividade laboral sen asegurar deberá achegar unha declaración responsable dos ingresos que tivo mensuais pola dita actividade nese período.

– Se está en activo por conta allea deberá achegar copia das nóminas do período indicado.

– Se é traballador/a por conta propia: xustificantes do pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas de actividades económicas (dos dous últimos trimestres)

– No suposto de que pola súa situación administrativa algunha persoa non poida presentar ningún destes documentos deberá achegar unha declaración xurada no que indique se realiza algunha actividade ou non e cales son os seus ingresos.

d) Vida laboral de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar

e) Copia do contrato de aluguer ou o último recibo do IBI, así como o último xustificante do pagamento, do aluguer ou da hipoteca, de ser o caso, do período arriba indicado.

f) Calquera outra documentación que se valore necesaria para poder valorar a situación de necesidade por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, como por exemplo a declaración do IRPF, extracto das contas bancarias...

g) Volante de convivencia (achegarao de oficio o Concello de Oleiros).

Se a solicitude non reunise toda a documentación necesaria será solicitada na listaxe provisional que sairá publicada nas datas fixadas no procedemento que regulará estas axudas. De non achegar a documentación requirida terase por desistida na súa solicitude.

#### **Artigo 5.- Procedemento.**

O procedemento seguido para a concesión das axudas será o de concorrencia competitiva en función da renda.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por un/ha técnico/a de servizos sociais.

As actividades de instrución deste procedemento comprenderán as seguintes actuacións:

– Unha que finalice a convocatoria se revisarán todas as solicitudes e se publicará o día 23 de xullo unha listaxe provisional coas solicitudes admitidas, as que se propón denegar e por qué motivo, e as que deben emendar erros ou achegar documentación.

Esta listaxe será publicada no taboleiro de edictos do Concello de Oleiros e no taboleiro do propio Departamento de Servizos Sociais e se informará á poboación da súa publicación a través da web municipal e dos paneis informativos.

– No momento en que saia publicada a listaxe provisional se abrirá un prazo de dez días hábiles para presentar a documentación requirida e máis para presentar alegacións, advertindo que, en caso de non subsanar en prazo, propórase a súa denegación.

– Finalizado o dito prazo revisarase a documentación achegada e se elaborará a listaxe definitiva, ordeando as solicitudes de menor a maior renda per cápita, e indicando cales se propoñen conceder, e cales denegar e por qué motivo.

– A avaliación das solicitudes se efectuará de conformidade aos criterios, formas e prioridades de valoración establecidas nesta convocatoria.

A técnica que revise as solicitudes elaborará un informe-proposta, co visto bo da coordinadora do departamento, que se trasladará ao concelleiro de servizos sociais, sanidade e consumo, quen resolverá as solicitudes e concederá as axudas mediante unha orde de resolución, na que se recollan todos/as os/as menores con dereito á dita prestación en función da renda per cápita ata esgotar o orzamento previsto, sempre e cando cumpran todos os requisitos e non superen os límites establecidos no artigo 3 desta convocatoria, así como os denegados e os motivos de denegación.

A resolución definitiva que se adopte será publicada do mesmo xeito sinalado no primeiro punto anterior. Estas publicacións substituirán á notificación nos términos que se establecen no artigo 59.6 b. e 60 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Ambas listas publicaranse unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes presentaran na súa solicitude.

#### **Artigo 6.- Pagamento e xustificación**

a) O pagamento destas prestacións farase desde a Intervención Municipal mediante cheques nominativos a nome do pai, nai ou titor/a legal que presentara a solicitude, no prazo máximo de vinte (20) días desde que se dite a resolución de concesión.

As persoas beneficiarias deberán presentar no prazo dun (01) mes desde que recollan o cheque unha factura xustificativa conforme á prestación de apoio á escolarización foi utilizada para as fins que se concedeu. Para o efecto de xustificar o pagamento desta prestación deberán presentar facturas en concepto de libros e material escolar, preferentemente. De forma subsidiaria e previo xustificación dos motivos ante o Departamento de Servizos Sociais, aceptaranse facturas xustificativas doutro tipo de gastos relacionados co inicio do curso escolar, como pagamentos extraordinarios relacionados coa escolarización, roupa e calzado,...

b) Naqueles supostos nos que non se achegue esta documentación xustificativa iniciárase un procedemento de devolución e restrinxiráselle o acceso a estas prestacións ata que reintegre a contía non xustificada debidamente.

#### **Artigo 7.- Prazo de presentación das solicitudes**

O prazo para poder presentar as solicitudes será de vinte (20) días naturais que contarán desde o día seguinte á data de publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

**SOLICITUDE DAS PRESTACIÓNS DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN  
2013-2014**

D/Dª	
------	--

Enderezo	
----------	--

Teléfonos	
-----------	--

**MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR**

Apelidos	Nome	Data de nacemento	Parentesco	Centro escolar	Curso

Oleiros, de de 2013

Sinatura da persoa solicitante

**DOCUMENTACIÓN QUE SE HA DE PRESENTAR COA SOLICITUDE**

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI), permiso de residencia ou pasaporte (no caso de non ter ningún dos dous primeiros) de todos os membros da unidade familiar.

b) Fotocopia do libro de familia ou documento análogo no suposto de non telo (acta ou partida de nacemento)

c) Xustificación da situación económica de todos os maiores de 18 anos da unidade familiar entre 01/01/13 e o 31/05/2013:

– Se está en situación de desemprego (fotocopia da tarxeta de demanda de emprego e certificado do Instituto Nacional de Emprego no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego). Se nese período estivo nalgún momento en activo deberá presentar as nóminas xustificativas dos ingresos percibidos pola súa actividade laboral.

– Se realiza algunha actividade laboral sen asegurar deberá achegar unha declaración responsable dos ingresos que tivo mensuais pola dita actividade.

– Se está en activo por conta allea deberá achegar copia das nóminas do período indicado.

– Se é traballador/a por conta propia: xustificantes do pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas de actividades económicas (dos dous últimos trimestres)

– No suposto de que pola súa situación administrativa algunha persoa non poida presentar ningún destes documentos deberá achegar unha declaración xurada no que indique se realiza algunha actividade ou non e cales son os seus ingresos.

- d) Vida laboral de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar
- e) Copia do contrato de aluguer ou o último recibo do IBI, así como o último xustificante do pagamento, do aluguer ou da hipoteca, de ser o caso, do período arriba indicado.
- f) Calquera outra documentación que se valore necesaria para poder valorar a situación de necesidade por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, como por exemplo a declaración do IRPF, extracto das contas bancarias...

Se a solicitude non reunise toda a documentación necesaria será solicitada na listaxe provisional que sairá publicada nas datas fixadas no procedemento que regulará estas axudas. De non achegar a documentación requirida terase por desistida na súa solicitude.”

OLEIROS, 17 de xuño do 2013.

O ALCALDE,

Angel García Seoane

2013/8044